

ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo de 4 prazas de auxiliar administrativo/a incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, prazas incluídas no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 689/2024 do 27 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos na súa sesión do 03 de outubro de 2024:

- Desestimar as alegacións presentadas o 24.09.2024 por Verónica Barcon Ben posto que si que aparece na listaxe publicada. Tívoselle en conta o contrato de traballo presentado polo que valoróuselle a experiencia alegada e así xa aparece na listaxe publicada coa puntuación de 69,40.

- Desestimar as alegacións presentadas o 26.09.2024 por Ángela López Ramil e acordar manter a súa puntuación definitiva no concurso a 40,00 puntos, motivado no seguinte:

- En relación coa experiencia profesional alegada non se valora porque, de acordo co disposto no anexo II.8 das bases xerais, non se achega dentro do prazo establecido resolución e/ou toma de posesión dos servizos prestados como funcionario ou o contrato de traballo no caso do réxime laboral.

Co escrito de alegacións do 26.09.2024 presenta varias tomas de posesión e nomeamentos, pero nin na documentación achegada coa súa solicitude de participación no proceso, do 02.01.2023, nin na súa achega de documentación para emendar, do 26.07.2024, consta a presentación desta documentación polo que de acordo co establecido na cláusula 11.1 das bases xerais, non serán obxecto de valoración aqueles méritos que non teñan sido achegados na forma e prazo.

- Desestimar as alegacións presentadas o 30.10.2024 por María Seselle Fernández motivado no seguinte:

- No seu escrito alega que "posúe maior experiencia profesional" por servizos prestados nunha Administración Pública local en praza, posto e categoría idénticas (Mérito 1 b); 146 meses, que os demais aspirantes; polo que procede ter isto en conta á hora de resolver os empates e segundo a cláusula 11.2 das bases xerais debe revisarse a súa posición na lista.

- A cláusula 11.2 das bases xerais establece que nos supostos de empates entre as puntuacións finais obtidas no concurso, estes resolveranse primeiramente tendo en conta as "puntuacións obtidas" nos diferentes apartados do mérito profesional. En ningún caso as bases fan referencia ó feito de posuír maior experiencia profesional senón que indican que deben terse en conta as puntuacións obtidas.

Neste caso concreto a puntuación obtida polas aspirantes no mérito 1 b) é de 60 (as bases xerais establecen para o mérito da experiencia profesional unha puntuación máxima de 60 puntos) o que unido ás puntuacións obtidas nos outros apartados implica que a resolución do empate producido debe realizarse por sorteo.

Logo da realización do sorteo previsto na cláusula 11.2 das bases xerais:

- Aprobar a seguinte relación definitiva ordenada de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento pola Alcaldía como persoal laboral fixo:

Nº orde	Apelidos e nome	Puntuación
1	Sáez Montero, Sonia María	100
2	Fernández Vázquez, María Ángeles	100
3	Fraga Fernández, María Guadalupe	100
4	Calvo García, María de los Ángeles	100

No prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste acordo a persoa aspirante que teña superado o proceso selectivo e sido proposta para a súa selección e nomeamento/contratación, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello (presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos), ou mediante calquera das restantes formas establecidas no art. 16.4 LPACAP a documentación prevista na cláusula 12.1.4 das bases xerais reguladoras do proceso.

No mesmo prazo deberán comunicar de que destinos, dos ofertados, solicitan a adxudicación e, no caso de que sexan varios os solicitados, deberán indicar a súa orde de preferencia.

Os postos ofertados segundo a RPT publicada no BOP da Coruña o 22.12.2022 son: 01.01.00.02; 01.03.00.04; 05.04.00.01 e 07.01.00.01.

- Aprobar a seguinte lista definitiva para conformar a lista complementaria prevista na cláusula 12.1.3 das bases xerais do proceso:

Nº orde	Apelidos e nome	Puntuación
1	Seselle Fernández, María	100,00
2	Pequeño Riobó, Ana María	100,00
3	Montero Rodríguez, Cristina	100,00
4	Pedreira Varela, Sonia	100,00
5	Barreiro Pérez, Ana María	100,00
6	Rodríguez Platas, Paula	100,00
7	Carballo Castro, Sergio	88,30
8	Rodríguez Grandal, Yolanda	84,75
9	Brozos Mera, Beatriz	81,10
10	Barcón Ben, Verónica	69,40
11	Brage Porral, Beatriz Concepción	63,35
12	Sousa Teijeiro, Raquel	57,10
13	Lorenzo Salgado, Marta María	45,40
14	García Pazo, Mercedes	41,65
15	Viñas Mayo, Rubén	40,75
16	Cazorla Pena, Mónica María	40,60
17	Sanmartín Caruncho, María Fernanda	40,40
18	Martul Rosende, Tania	40,00
19	García Torres, María Elisa	40,00
20	López Rivas, Clara Dolores	40,00
21	Fanego Candia, Lucía	40,00
22	López Ramil, Ángela	40,00
23	Bouzamayor López, María Isabel	40,00
24	Sánchez Calvo, Lucía	40,00
25	Cabrero Seijo, Lidia	40,00
26	Suárez Amor, Eva	40,00
27	Sambade Tarrela, María Jesús	2,75
28	Fernández Cagiao, Jesús Manuel	0
29	Sisto Ramos, Margarita	0

Fronte a estes acordos poderá presentarse recurso de alzada no prazo dun mes dende a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello ou na páxina web do Concello ante o tribunal de selección ou ante o alcalde do Concello de Fene -órgano competente para a súa resolución.

Asinado dixitalmente polo secretario do tribunal José Manuel Aneiros Landrove